

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO).

Vista a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria

ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade

Vista a ORDE do 5 de xullo de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención nos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19.

Considerando que Muras limita con varios dos concellos confinados temporalmente, e dado que na orde anterior permítese o desprazamento ao lugar de traballo para efectuar a prestación laboral, profesional ou empresarial, incluíndo o transporte, a prestación de servizos, o comercio e as actividades empresariais e económicas, non cabe dúbida de que existe risco de contaxio da COVID-19, xa que temos residentes que teñen o seu posto de traballo neses concellos e van a transitar a diario, ou que teñen familiares dependentes dos que se están facendo cargo. Neste fluxo de persoas permitido, pode existir a posibilidade de que exista contaxio, e posto que no noso concello non hai restricións de mobilidade nin existe ningún protocolo de actuación elaborado polas autoridades sanitarias, en base ao principio de prudencia, precaución e de responsabilidade, cómpre suspender todas as actividades municipais que impliquen o agrupamento de persoas que non convivan na mesma residencia, así como seguir cumprindo estritamente coas medidas establecidas para a fase chamada de “nova normalidade”.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente, e en concreto a Lei de Bases de Réxime Local 7/1985

RESOLVO

PRIMEIRO.- Suspender temporalmente de forma indefinida a celebración de actividades e servizos municipais que supoñan o agrupamento de persoas, como as actividades deportivas, culturais e de lecer, as autorizacións de uso das áreas recreativas, e todas aquelas similares.

SEGUNDO.- As medidas adoptadas poderán variar si se producen instrucións das autoridades sanitarias e en función da evolución da situación do rebrote na comarca da Mariña.

TERCEIRO.- Dar publicidade a este acordo e conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a. Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018, de 16 de marzo)

